



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/000200

RESOLUCIÓN

ASUNTO: SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUN POSTO DE CONDUTOR DE TRACTOR DESBROZADORA ADSCRITO A SERVIZOS PRIORITARIOS OU ESENCIAIS NA BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS E SERVIZOS. APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS/EXCLUIDOS, FIXACIÓN DATA 1º EXERCICIO

EXPEDIENTE: 2019/G003/000200

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Finalizado o prazo de presentación de alegacións contra a lista provisional, aprobada mediante resolución de Alcaldía, de data 07/03/2019, de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento de selección de **persoal laboral temporal dun posto de condutor de tractor desbrozadora adscrito a servizos prioritarios ou esenciais na brigada municipal de obras e servizos** (BOP nº 21, de data 30/01/2019). Exp. 2019/E001/000001.

Visto o escrito presentado con data Marcos Sánchez Fernández que a efectos de acreditar estar en posesión dalgún título que acredite coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo para condutores de maquinaria aporta Tarxeta de cualificación de condutor expedida ao abeiro do R.D. 1032/2007, de 20 de xullo.

O Real Decreto 1032/2007, de 20 de xullo, regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada. Esta formación e sobre materias que afectan fundamentalmente á actividade de transporte a que se dedican profesionalmente os condutores de vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, non comprendendo unha formación específica en seguridade viaria e seguridade no traballo dun tractor.

Por todo elo contar coa cualificación e como condutor de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada non é suficiente para acreditar os coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo esixidos pola Base 5.g reguladora deste procedemento selectivo.

Visto o disposto no art. 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

Visto o disposto nas Bases 5ª, 6ª e 8ª que regulan a convocatoria.

No uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, **RESOLVO:**

1º.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos:

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS

ASPIRANTE	DNI / NIE
Jesús Rafael Suárez Villaverde	4*3*6*1*G
Marcos Castro Fernández	7*3*1*3*W

ASPIRANTES EXCLUIDOS/AS

ASPIRANTE	DNI / NIE	CAUSA EXCLUSIÓN
Martín Veiras Grella	4*9*2*5*T	a)
David Loureiro Loureiro	7*3*1*1*Z	b)
Marcos Sánchez Fernández	4*3*4*6*V	b)



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/000200

RESOLUCIÓN

Causas exclusión:

- a) Non acreditar a titulación mínima esixida para poder tomar parte na convocatoria.
- b) Non estar en posesión dalgún título que acredite coñecementos de seguridade viaria e seguridade no traballo para condutores de maquinaria.

2º.- Fixar a data de celebración do primeiro exercicio, cuestionario tipo test, o día 5 de abril de 2019, ás 10:00 horas, na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, 3º andar.

RECURSOS: Contra a presente resolución, que de conformidade co disposto no art. 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, é definitiva en vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da recepción do presente escrito.

Así mesmo, poderase utilizar calquera outro recurso que se estime pertinente e exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente.

En Ordes, 27-03-2019

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario

Juan Luis González Iglesias